

# PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2020/2021

## Contextualización.

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará

<b>Data de presentación ao Consello Escolar:</b>	
<b>Data de aprobación polo Consello Escolar:</b>	

## Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

Tema	Modificación																					
<b>Horario de entrada</b>	5º e 6º cursos de primaria: 9:10h a 9:15h Educ. Infantil - 4 e 5 anos: 9:15h a 9:20h 3º e 4º cursos de primaria: 9:20h a 9:25h Educación Infantil -3 anos: 9:25h a 9:30h 1º e 2º cursos de primaria: 9:30h a 9:35h																					
<b>Horario de saída</b>	<table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 60%;"></th> <th style="width: 20%; text-align: center;">COMEDOR</th> <th style="width: 20%; text-align: center;">PATIO</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Educ. Infantil - 4 e 5 anos:</td> <td style="text-align: center;">13:05h a 14:25h</td> <td style="text-align: center;">14:25h a 15:00h</td> </tr> <tr> <td>Educación Infantil -3 anos:</td> <td style="text-align: center;">13:15h a 14:25h</td> <td style="text-align: center;">14:25h a 15:00h</td> </tr> <tr> <td>1º e 2º cursos de primaria:</td> <td style="text-align: center;">13:15h a 14:25h</td> <td style="text-align: center;">14:25h a 15:00h</td> </tr> <tr> <th style="width: 60%;"></th> <th style="width: 20%; text-align: center;">PATIO</th> <th style="width: 20%; text-align: center;">COMEDOR</th> </tr> <tr> <td>5º e 6º cursos de primaria:</td> <td style="text-align: center;">13:15h a 14:25h</td> <td style="text-align: center;">14:25 a 15:00h</td> </tr> <tr> <td>3º e 4º cursos de primaria:</td> <td style="text-align: center;">13:20h a 14:25h</td> <td style="text-align: center;">14:25 a 15:00h</td> </tr> </tbody> </table>		COMEDOR	PATIO	Educ. Infantil - 4 e 5 anos:	13:05h a 14:25h	14:25h a 15:00h	Educación Infantil -3 anos:	13:15h a 14:25h	14:25h a 15:00h	1º e 2º cursos de primaria:	13:15h a 14:25h	14:25h a 15:00h		PATIO	COMEDOR	5º e 6º cursos de primaria:	13:15h a 14:25h	14:25 a 15:00h	3º e 4º cursos de primaria:	13:20h a 14:25h	14:25 a 15:00h
	COMEDOR	PATIO																				
Educ. Infantil - 4 e 5 anos:	13:05h a 14:25h	14:25h a 15:00h																				
Educación Infantil -3 anos:	13:15h a 14:25h	14:25h a 15:00h																				
1º e 2º cursos de primaria:	13:15h a 14:25h	14:25h a 15:00h																				
	PATIO	COMEDOR																				
5º e 6º cursos de primaria:	13:15h a 14:25h	14:25 a 15:00h																				
3º e 4º cursos de primaria:	13:20h a 14:25h	14:25 a 15:00h																				
<b>Horario de recreo</b>	Infantil: de 11:45h a 12:05h Primaria: de 11:45h a 12:05h																					
<b>Espazo de recreo</b>	<p><i>Educación infantil:</i> Dúas zonas (patio fronto lateral) a asignar para cada a grupamento desta etapa 3 anos: area e ou casaña. 4 e 5 anos: <i>Zona (patio frontal)</i> metade central do cuberto</p> <p><i>Educación primaria:</i> <i>Primeiro e segundo: Zona (patio frontal)</i> metade exterior do cuberto <i>Terceiro e cuarto: Zona (patio traseiro - cancha pista 3).</i> <i>Quinto e sexto: Zona (patio traseiro - cancha pista 1).</i></p>																					
<b>Gardas de entrada</b>	Haberá dous mestres de garda nas entradas de 8:45h a 9:15h. As funcións son: - supervisar o acceso do alumnado ao patio - vixiar a colocación nas zonas de acceso ao interior e indicar as entradas. Unha vez dentro será o titor ou mestre responsable do grupo o que se encargará de vixiar as rutinas e axilizar o acceso ás aulas correspondentes.																					
<b>Acompañamento do alumnado</b>	Limitase a un acompañante por alumno no recinto escolar tanto nas entradas como na saída.																					
<b>Titorías</b>	Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais con as normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.																					
<b>Biblioteca</b>	Poderá ser utilizada nas correspondentes horas que cada titor ten asignadas no horario, a poder ser de un en un ou en pequenos grupos, mentres o resto do alumnado permanece atendido polo mestre de área.																					
<b>Aula de informática</b>	Limitarase o seu uso na medida do posible.																					
<b>Uso de aseos</b>	Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.																					
<b>Circulación polo centro</b>	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.																					
<b>Actividades interniveis</b>	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.																					

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso unha reunión coas familias.

Esta reunión terán lugar no cuberto do patio do colexio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Distancia social entre asistentes mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

Nivel	Data	Hora
3 anos	10/09/2020	9:30h
4 anos	10/09/2020	9:30h
5 anos	11/09/2020	9:30h
1º de primaria	10/09/2020	9:45h
2º de primaria	10/09/2020	9:45h
3º de primaria	10/09/2020	9:45h
4º de primaria	11/09/2020	9:45h
5º de primaria	11/09/2020	9:45h
6º de primaria	11/09/2020	9:45h

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio da porta de acceso ao colexio como de ruta que debe seguir para chegar á súa aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial o **primeiro día lectivo**.

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

Os horarios de recreo respectaranse, deixando a posibilidade de que o alumnado de educación infantil faga un segundo recreo.

Ao inicio de curso entregarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

#### USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos (recoméndase tamén o emprego, a modo de iniciación, para Educación Infantil), tanto dentro como fóra da aula.

#### ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Os grupos cos que contaremos este ano son:

EDUCACIÓN INFANTIL	4º (3 ANOS)	9
	5º e 6º (4 e 5 ANOS)	11
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º e 2º	9
	3º e 4º	14
	5º e 6º	12

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.

**IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.**

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por iso, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

## **ENTRADA**

As 9:05 abriremos a porta de acceso para o alumnado non transportado.


O alumnado pode ir entrando ao patio pero terá que esperar ata as 9:15 para entrar no colexio.

O alumnado de Educación Infantil pode entrar acompañado ata a súa zona de espera. Os titores e titoras de Educación Infantil recolleranos alí as 9:15 horas.

Cada grupo de convivencia terá un lugar asignado no patio no que deberá esperar en orde ata o momento da entrada.

Nos grupos de primaria haberá profesorado de vixianza.

As 9:15 cada grupo entrará no centro detrás do seu titor ou titora que será o encargado de aplicar xel hidroalcohólico nas mans de cada alumno e alumna.



## **SAÍDA**

As familias de EDUCACIÓN INFANTIL poden acceder ao recinto, as de EDUCACIÓN PRIMARIA non.

O alumnado de **EDUCACIÓN INFANTIL** sairá ás **15:00 horas**. O profesorado acompañaraos ata a súa zona de espera no patio.

O alumnado de **EDUCACIÓN PRIMARIA** sairá ás **15:00 horas**. O profesorado acompañarao ata o portal do patio.

A orde de saída será a mesma que para entrar.

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior.

O grupo que este no pavillón sairá en último lugar acompañado polo mestre/a de EF.

Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

### **1º DÍA: 10 e 11 DE SETEMBRO.**

Os primeiros días de clase establecerase un horario de entrada para cada grupo, coa finalidade de evitar aglomeracións.

HORA	Xoves 10	Venres 11
<b>9:15</b>	3 e 4 anos	5 anos
<b>9:30</b>	1º, 2º e 3º	4º, 5º e 6º

Haberá un lugar sinalizado para cada grupo no patio.

**IMPORTANTE: Este día os acompañantes de Educación Infantil e Educación Primaria podedes acceder ao patio (por favor un acompañante por alumno/a). A titora dos vosos fillos recibiravos no patio e explicaravos os aspectos máis importantes desta volta a escola.**

O resto da mañá dedicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanciamento social...

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan gran parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

O primeiro día de clase os nenos e nenas só teñen que traer unha axenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis.

Este curso, o alumnado de Educación Primaria non poderá deixar os libros e o material na clase, cada día deberán traer o que precisen. Ademais, tódolos días, deberán traer un sobre de papel co nome, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela.

### **RECREOS**

Recreos: manterase o mesmo o horario pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada un dos grupos.

### **ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN**

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Podedes solicitala a través do teléfono fixo 988 260 052 (no caso de cesar a actividade presencial empregárase o abalar móbil ou o teléfono móbil 640 397 476) ou do correo electrónico (ceip.joaquina.gallego@edu.xunta.gal).

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxestión.

## **TITORÍAS.**

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Non se contemplan casos excepcionais que requiran neste momento a titoría presencial.

## **ORIENTACIÓN**

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

## **SERVIZO COMPLEMENTARIO MADRUGADORES E EXTRAESCOLARES**

Pendente das decisións da ANPA

### [Actuacións de prevención, hixiene e protección.](#)

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

#### **Prevención**

Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitelas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala adecuadamente.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio?)
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

### **Accións para os grupos de EI e de Educación Primaria ata o 4º curso:**

Ao inicio de curso e seguindo a proposta recollida na memoria TIC do curso 2019/2020 dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento. Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal que deberán pegar na súa axenda para evitar perdas. Dedicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas.

Propónse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para o profesorado de nova incorporación haberá nos primeiros día de setembro unha xornada informativa sobre o funcionamento da aula virtual, así como das súas posibles utilizacións, tamén se establecerán pautas comúns cara o alumnado para a utilización deste espazo: como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, medios válidos de arquivos, etcétera. A realización destas xornadas correrán a cargo do coordinador TIC do centro.

Para o resto da comunidade educativa estarán accesibles dende a nosa web os vídeo titoriais sobre a aula virtual elaborados o curso pasado para o alumnado e conducidos polo personaxe do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Gala.

Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro procederá ao préstamo dos antigos equipos Abalar e se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

### **Accións para os grupos Edixgal (5º e 6º de Educación Primaria)**

En 6º, asignarlle o antes posible as credenciais novas. Como xa coñecen a plataforma, farase un pequeno repaso co contidos traballados.

En 5º, asignar as credenciais tamén o antes posible e empezar a traballar cos PCs cargando diferentes contidos, realizando tarefas coas diferentes modalidades que ofrece a plataforma, etc. A cuestión é ver canto antes as posibilidades que hai para traballar cos PCs.

De ser necesario os ordenadores poderán, cargarse na aula, xa que está aí o carro. Como norma xeral os ordenadores levaranse para cargar na casa.

Haberá que axilizar a carga de contidos na plataforma e realizar diferentes traballos a través da mesma.



No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación básica de usuarios. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten e emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, a alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual** (de infantil a 4º de primaria) e a **EVA** – Edixgal (5º e 6º de primaria).
- **Acceso aos diferentes cursos / áreas** nos que estea matriculado/a (infantil a 6º)
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual (infantil a 4º) e da plataforma EVA (5º e 6º)
- Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos- (de 3º a 6º de primaria).
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual e de EVA.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: [ceip.joaquina.gallego@edu.xunta.gal](mailto:ceip.joaquina.gallego@edu.xunta.gal)
- **Wassap**: canle unidireccional para recibir información.
- **Teléfono**: comunicación directa e inmediata, existen dúas liñas, o 988 260 052 (mentres a modalidade de ensino se manteña de xeito presencial), a **liña móbil 640 397 476** reservárase e empregárase **só para temas concretos no caso de que sexa suspendida a actividade presencial**. Procuraremos deixala baleira para consultas puntuais o caso dun posible confinamento.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que se deberán levar a cabo:

Etapa / nivel educativo	Acción a desenvolver	Lugar	Temporalización aprox.
Educación infantil	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (mediante mensaxería interna)	Primeira quincena de curso
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Casa (comprobar que familias teñen dificultades para acceder)	Primeira quincena de curso
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeira /segunda quincena do curso
1º a 4º de primaria	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (axenda)	Primeira quincena de curso
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Colexio e casa (detectar dificultades)	Primeira quincena de curso
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeira /segunda quincena do curso
3º a 4º de primaria	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
5º e 6º de primaria	Asignar credenciais da plataforma EVA	Colexio (axenda)	Primeira quincena de curso
	Acceder á plataforma EVA e ás distintas áreas	Colexio e casa	Primeira quincena de curso
	Acceso a contidos das áreas	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
	Realización de cuestionarios e tarefas	Colexio e casa	Primeira quincena de curso
	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Primeiro mes de curso
	Emprego de ferramentas básicas que dispón o ultraportátil edixgal: cámara, escáner, gravación /edición de vídeo, procesador de textos, deseño.	Colexio	Primeiro trimestre
Familias	Curso básico sobre todos os aspectos relacionados coa aula virtual	On line (casa). Posibilidade de resol-ver dúbidas de xeito presencial con cita previa.	Primeiro e Segundo mes de curso

O primeiro mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un **modelo de ensino mixto**. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais.

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixeirar as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do

## Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contagiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiálo e coidalo emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituais.

—